

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR E A CMVMC MONTE CHAIRAS PARA A AMPLIACIÓN DA “RUTA DO LOÑA”

En O Pereiro de Aguiar a de marzo de 2021

REÚNENSE

Por unha banda

D. Luis Menor Pérez, actuando como alcalde do concello do Pereiro de Aguiar, en virtude do seu nomeamento no pleno de data 15 de xuño de 2019

Por outra banda

D. Emilio Pato Dopazo, co DNI nº 34905227J, actuando como presidente da Comunidade de Propietarios do Monte Comunal Monte Chairas.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio, en base aos principios de colaboración, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre administración públicas

EXPOÑEN

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.

O Concello de O Pereiro de Aguiar pretende poñer en valor a conexión dos puntos turísticos de maior relevancia dentro do Concello, tanto dende o punto de vista natural como cultural, conectando o Pazo da Torre de Lamela (BIC) co maior conxunto de elementos etnográficos (muiños hidráulicos do Río Loña) recollidos no catálogo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia, conformando así un roteiro natural

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

de acceso á Ribeira Sacra, candidata a Patrimonio da Humanidade, e ao mosteiro de San Pedro de Rocas (BIC).

O proxecto desenvólvese ao carón do Río Loña, por ser esta unha zona de magníficas condicións naturais e paisaxísticas así como a zona con meirande acumulación de bens patrimoniais do concello rural de Pereiro de Aguiar. O seu discorrer dirección leste-oeste durante máis de 25 km, dende a súa nacente na entrada natural á Ribeira Sacra nos pés da Ermida da Virxe do Monte, ata a súa desembocadura no Río Miño, acolle decenas de muiños de monumental pedra granítica.

Constitúe polo tanto o obxecto do presente convenio, levar a cabo a ampliación da referida ruta do río Loña, mediante a inclusión, por parte do Concello de O Pereiro de Aguiar, dun tramo da CMVMC Monte Chairas, complementando e mellorando a súa conexión dos puntos turísticos de maior relevancia.

SEGUNDA.- Propiedade dos terreos afectados.

A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Monte Chairas é propietaria dos terreos por onde se pretende a inclusión dun tramo necesario para a ampliación da ruta do río Loña. Únese ao presente o plano de situación de ditos terreos.

Por todo o dito, o Concello de O Pereiro de Aguiar e a CMVMC Monte Chairas, acordan subscribir este convenio en atencións as seguintes ,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRO.- Compromisos das partes.

A.- O Concello comprométese a :

- Levar a cabo de forma anual, periódica e continua as tarefas de limpeza e acondicionamento dos bordes da ruta que se pretende incluír, co obxecto, a

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

súa vez, de eliminar o risco de incendio, fomentar a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e a recuperación do medio natural degradado e contaminado.

- Excluir temporalmente o uso deste tramo da ruta o período de tempo que dure o desenvolvemento das actividades cinexéticas que se veñen desenvolvendo neste entorno conforme as datas que indique a Directiva da CMVMC.

Achégase co presente documento plano explicativo do tramo da ruta que se pretende habilitar.

B.- A CMVMC Monte Chairas, comprométese a:

- Poñer a disposición do Concello de O Pereiro de Aguiar (cesión de uso), os terreos necesarios para os únicos e exclusivos efectos do obxecto deste convenio, con carácter indefinido e de forma gratuita.

SEGUNDA.- Réxime Xurídico.

Este convenio ten carácter administrativo e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas estipulacións serán competentes os tribunais de Ourense, de conformidade coa lexislación que por lei lle corresponda.

TERCEIRA.- Vixencia do Convenio.

Este convenio terá unha duración indefinida, mentras se mantegna o fin para o que foi asinado, no caso contrario a cesión de uso formalizada no presente documento quedará automaticamente sin efecto, sen que a Comunidade teña que satisfacer ao Concello compensación algunha polas obras de adecentamento realizadas nos anteditos terreos.

Logo de lido o presente documento, considerando conforme ambalas dúas partes asinantes, o asinan no día e lugar expresado no encabezamento en proba da súa conformidade

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

Luis Menor Pérez
(Alcalde do Concello de O Pereiro de Aguiar)

Emilio Pato Dopazo
(Presidente da CMVMC)

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395